

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia**FICHA RESUMO**

Ano	2011	PE403A 2010/102-1
Entidade.	CONFRARÍA DE CABO DE CRUZ.	
Plan de Explotación	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime	AUTORIZACIÓNS	
Modalidade	A PÉ	

Especies	Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>)
Ambito do plan	Autorizacións administrativas: entre punta Peralto e Pedra Sartaña entre Pedra Sartaña e punta Careixo; entre punta Careixo e punta Cabo de Cruz; de punta Cabo de Cruz a punta Chazo e entre punta Chazo e punta Pedra Rubia.
Subzonas de explotación	Barraña, Retorta, Ladeira do Chazo e Mañóns.

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
179	-	-
Ampliación do número de permex		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	174											
Época y zona prob extracción												
Modalidade: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X			X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura

Especies	Mariscadora/día
Ameixa fina	3,300 kg
Ameixa babosa	2,250 kg
Ameixa xaponesa	5,300 kg
Berberecho	26,50 kg
Longueirón vello	10 kg

Artes a empregar	Sacho e angazo de 10 cm de dente de gancho. Extracción manual con sal para o longueirón.
-------------------------	--

Puntos de Control	Praia de Barraña: desembocadura do Río Coroño, antigas colonias de verán, Centro de Saúde e baixada a Sión. Praia da Retorta: baixada á praia da Retorta. Ladeira do Chazo: rampla de Angados e ladeira do Chazo. Praia de Mañóns: baixada de Triñans, baixada de Piñeiro, aparcamento de Mañóns e baixada ás Redondas.
--------------------------	--



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Puntos de venda	Lonxa de Cabo de Cruz.
------------------------	------------------------

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas				X								
Zonas: Zona sureste da Praia de Barraña												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar				X	X	X						
Zonas: Áreas con maior produción a áreas improdutivas.												
Especies: Ameixa fina, berberecho e ameixa xaponesa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras						X	X	X	X			
Zonas: Praias da Retorta, Barraña e Mañóns												
Especies: Ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Dende a desembocadura do Río Coroño, centro de Barraña, Arrecife das Marzas, Areo do peirao de Chouza e Areo de Mañóns cara á zonas con baixas densidades de individuos como a Praia de Mañóns, Ladeira Pequena e Retorta.												
Especies: Ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos		X	X			X						
Zonas: Zonas onde teña lugar unha elevada acumulación de individuos que serán trasladados a áreas con menor concentración.												
Especies: Ameixa fina, berberecho e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados					X	X	X	X	X	X		
Zonas: Operacións de limpeza de algas cando sexa preciso nas zonas onde se acumulen.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾
Ámbito do plan: De cara a una mellor xestión das autorizacións desta confraría, divídense en 4 zonas de extracción:
<ul style="list-style-type: none"> - Barraña: dende a desembocadura do Río Coroño ata o arrecife das Marzas. - Retorta: praia da Retorta e intermareal dos Baus de fóra. - Ladeira do Chazo: dende punta Chazo ata rampla de Angados - Mañóns: dende a rampla de Angados ata punta Pedra Rubia.
Participantes: Inclúe un listado de 189 mariscadores, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar neste plan é de 179.
Puntos de control: Defínese vagamente a organización dos puntos de control nas zonas de extracción, nos que se controlan os cupos e tallas. Os responsables do punto de control serán os membros da directiva da agrupación e, excepcionalmente, membros dos órganos de goberno da confraría.
Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008:



“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Traballos de semicultivo: A organización das accións de semicultivo (traslados, limpeza...), indica a obriga da participación de tódolos mariscadores, e que estes traballos computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. Unha vez rematada a xornada faráselle entrega dun xustificante a cada mariscador.

Vixilancia: "No expediente do plan de explotación consta o certificado da secretaria da agrupación de marisqueo a pé no que se indica que o plan de explotación foi aprobado pola asemblea xeral da agrupación do día 25 de outubro de 2020, a excepción do apartado 5.7. Organización das vixilancias, no que se expresa estar en desacordo coa inclusión neste apartado da realización das vixilancias nocturnas, aclarando que só están de acordo na realización de tarefas de vixilancia diúrnas e e na época estival.

Por isto procede aprobar o plan presentado pola confraría de pescadores en todos aqueles aspectos aprobados pola asemblea xeral da agrupación, xa que dacordo co disposto no artigo 2º do regulamento de réxime interno da agrupación *"As normas que rexirán toda a campaña, constitúen o plan de explotación, que elaborado pola xunta directiva da agrupación e aprobado pola asemblea xeral, será enviado á confraría, para que ésta o presente á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos nos prazos previstos"*. Esta competencia da asemblea xeral tamén lla atribúen os artigos 12 e 15 do citado regulamento:

"Artigo 12. Das funcións da asemblea xeral

Son funcións da asemblea xeral:

(...)

j) Aproba-la proposta de plan de explotación elaborado pola xunta directiva"

"Artigo 15. Das funcións da xunta directiva

Corresponde á xunta directiva adoptar cantos acordos sexan necesarios para o normal desenvolvemento da actividade da agrupación e en concreto:

- *Propoñe-los plans de explotación*
- *(...)*
- *elabora-la proposta do plan de explotación e dar traslado á asemblea xeral e cabido para a súa aprobación"*.

Réxime sancionador: O plan reflicte que o incumprimento das normas por parte dos mariscadores poderá ser sancionado conforme ao establecido nos estatutos da confraría ou na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, ante a Consellería do Mar.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.